O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira, Sandra Vázquez Domínguez, Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Silvestre Balseiros Guinarte e Guadalupe Murillo Solís**, ao abeiro do disposto no artigo 98,160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

O Camiño Portugués da Costa foi oficialmente recoñecido pola Xunta de Galicia coa aprobación da Lei 5/2016 do Patrimonio cultural de Galicia aprobada o 4 de maio de 2016.

Este feito permitiu que o Camiño portugués da costa fose incluído nas actuacións previstas no Plan director do Camiño de Santiago 2015-2020.

Neste Plan director recóllese, entre outras actuacións, que cada ano se realizará unha actuación integral nunha das rutas xacobeas que discorren pola nosa Comunidade Autónoma co gallo de preparala para o Xacobeo 2021.

Deste xeito, o Plan Director establece que o ano 2018 será o ano dedicado ao Camiño Portugués, do interior e da costa.

Un dos eixos principais desta actuación integral nos diferentes Camiños é a sinalización, entendendo que é prioritario que os peregrinos poidan gozar da ruta coa máxima facilidade e fiabilidade.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia, está traballando na sinalización do Camiño Portugués da costa para o que mantén unha estreita, e necesaria, colaboración cos concellos por onde transita a ruta.

Desde principios de 2018 o diálogo fluído entre as administracións locais e a administración autonómica permitiu actuar nos concellos de A Guarda, O Rosal, Baiona, Nigrán e Redondela.

Porén o Concello de Vigo non participou nas diferentes xuntanzas interadministrativas nin autorizou á Axencia Turismo de Galicia a colocar a sinalización homologada no seu termo municipal.

Esta disfunción afecta aos peregrinos e peregrinas que elixiron realizar este Camiño de Santiago porque para poder seguir a ruta necesitan medios tecnolóxicos que non todos posúen ou coñecen, como a APP do Camiño de Santiago impulsada pola propia Xunta.

As queixas neste sentido son reiteradas, provocando unha valoración negativa da cidade e, por extensión, de Galicia.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa, novamente, ao concello de Vigo para establecer unha canle de diálogo que permita a colaboración e autorización precisa deste Concello para realizar a sinalización do Camiño Portugués da Costa no seu termo municipal e así evitar prexudicar aos peregrinos que fagan o percorrido”.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/09/2018 14:21:29

Teresa Egerique Mosquera na data 07/09/2018 14:21:37

María Ángeles Garcia Míguez na data 07/09/2018 14:21:45

Maria Antón Vilasánchez na data 07/09/2018 14:21:52

Moisés Blanco Paradelo na data 07/09/2018 14:21:58

Moisés Rodríguez Pérez na data 07/09/2018 14:22:04

Marta Novoa Iglesias na data 07/09/2018 14:22:13

Cristina Isabel Romero Fernández na data 07/09/2018 14:22:21

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 07/09/2018 14:22:28

Sandra Vázquez Domínguez na data 07/09/2018 14:22:35

Paula Prado Del Río na data 07/09/2018 14:22:43

Alberto Pazos Couñago na data 07/09/2018 14:22:51

Jacobo Moreira Ferro na data 07/09/2018 14:23:01

Silvestre Balseiros Guinarte na data 07/09/2018 14:23:13

María Guadalupe Murillo Solís na data 07/09/2018 14:23:20

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Martín Fernández Prado, Gonzalo Trenor López, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de Motivos:

Durante os últimos anos, o Grupo Popular do Parlamento de Galicia ven apoiando de diversos xeitos a construción e desenvolvemento do tecido portuario galego, centrando este apoio na creación de infraestruturas e servizos que doten de plena operatividade e competitividade a estes peiraos.

No caso da Coruña, esta aposta traducíuse na construción do peirao exterior de Punta Langosteira e da proxección do acceso ferroviario ao mesmo, alén de realizarse melloras nos peiraos interiores que redundasen no avance dos medios e servizos, tales como o adiantamento do peirao do Leste ou as melloras nas dotacións do porto pesqueiro.

Todas estas obras foron asumidas de forma xeral pola propia autoridade portuaria e con cargo fundamental aos seus propios recursos económicos, cuestión que supón un importante esforzo económico e orzamentario e que deriva nun equilibrio difícil que solo se pode manter, como se fai, grazas á mellora da xestión portuaria e á consecución dun maior movemento de mercadorías e prestación de servizos.

Estas apostas e ás súas correspondentes derivadas de custes realizáronse no marco dunhas regras sempre manifestadas polos distintos Gobernos de España no que non se condonaba débeda a ningún porto de interese xeral do Estado en España, condicións que eran idénticas para todos eles.

Pero o recente anuncio feito polo executivo de Pedro Sánchez no *Consejo de Política Fiscal y Financiera* de asumir a débeda financeira xerada pola Copa América e a Formula 1 no porto de Valencia ven a romper este acordo e os equilibrios e regras de xogo vixentes ata o momento.

O Partido Popular de Galicia considera isto unha afronta e discriminación cos galegos en xeral, e cos coruñeses en particular, en relación ao trato recibido polos valencianos, e cremos que a demanda unánime deste Parlamento de esixir o mesmo trato para os

galegos que para os valencianos, sería un importante posicionamento cara a conseguir dita demanda.

Amais, a derivación da asunción da débeda cara a administración autonómica valenciana non é óbice para que se podan replicar na nosa comunidade compensacións que leven a unha igualdade efectiva de trato entre as diferentes autoridades portuarias do Estado, máxime tendo en conta tamén a variedade de situacións tanto en termos de débeda como de necesidades de operatividade.

No caso da Coruña, faise prioritario atender as necesidades de financiamento de actuacións coma a de Punta Langosteira, o seu acceso ferroviario e a súa derivada do aproveitamento dos peiraos interiores da Coruña, de xeito que se permita acceder a unha igualdade de trato con outras autoridades portuarias.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Parlamentario Popular somete á consideración da Cámara a seguinte proposición non de lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Esixir do Goberno de España igualdade de trato e consideración entre a Autoridade Portuaria da Coruña en relación á de Valencia nos termos relativos ao financiamento e asunción das débedas contraídas pola acometida de infraestruturas necesarias para a súa operatividade e competitividade.
2. Demandar do Goberno de España que achegue unha compensación económica semellante, nos termos xurídicos e administrativos equivalente ou análogos ás decisións adoptadas para o caso do porto de Valencia, e libere á Autoridade Portuarias da Coruña das cargas económicas xeradas para acometer os investimentos en infraestruturas loxísticas ou portuarias de Punta Langosteira.
3. Solicitar a través dos seus representantes no Consello de Administración da Autoridade Portuaria da Coruña a celebración dun Consello de Administración extraordinario para que, formalmente, se dirixa a Puertos del Estado co obxectivo de establecer a vía para a liberación de débedas ou compensación de investimentos do xeito que estimen oportuno xurídica e administrativamente”.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/08/2018 14:32:46

Martín Fernández Prado na data 30/08/2018 14:33:01

Gonzalo Trenor López na data 30/08/2018 14:33:17

Teresa Egerique Mosquera na data 30/08/2018 14:33:34

María Ángeles Garcia Míguez na data 30/08/2018 14:33:48

Alberto Pazos Couñago na data 30/08/2018 14:33:56

Marta Rodriguez Arias na data 30/08/2018 14:34:06

María Soraya Salorio Porral na data 30/08/2018 14:34:25

Daniel Vega Pérez na data 30/08/2018 14:34:51

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de Motivos:

Durante os últimos anos, o Grupo Popular do Parlamento de Galicia ven apoiando de diversos xeitos a construción e desenvolvemento do tecido portuario galego, centrando este apoio na creación de infraestruturas e servizos que doten de plena operatividade e competitividade a estes peiraos.

No caso de Vigo, esta aposta traducíuse na construción de estruturas para o atraque de grandes cruceiros, na reforma e mellora de edificacións para usos sociais, na dotación de medios coma a nova rampa e silo para automóbiles na área ro-ro do porto en Bouzas ou a proxección do acceso ferroviario a esta zona.

Todas estas obras foron asumidas de forma xeral pola propia autoridade portuaria e con cargo fundamental aos seus propios recursos económicos, cuestión que supón un importante esforzo económico e orzamentario e que deriva nun equilibrio difícil que solo se pode manter, como se fai, grazas á mellora da xestión portuaria e á consecución dun maior movemento de mercadorías e prestación de servizos.

Estas apostas e ás súas correspondentes derivadas de custes realizáronse no marco dunhas regras sempre manifestadas polos distintos Gobernos de España no que non se condonaba débeda a ningún porto de interese xeral do Estado en España, condicións que eran idénticas para todos eles.

Pero o recente anuncio feito polo executivo de Pedro Sánchez no *Consejo de Política Fiscal y Financiera* de asumir a débeda financeira xerada pola Copa América e a Formula 1 no porto de Valencia ven a romper este acordo e os equilibrios e regras de xogo vixentes ata o momento.

O Partido Popular de Galicia considera isto unha afronta e discriminación cos galegos en xeral, e cos vigueses en particular, en relación ao trato recibido polos valencianos, e cremos que a demanda unánime deste Parlamento de esixir o mesmo trato para os

galegos que para os valencianos, sería un importante posicionamento cara a conseguir dita demanda.

Amais, a derivación da asunción da débeda cara a administración autonómica valenciana non é óbice para que se podan replicar na nosa comunidade compensacións que leven a unha igualdade efectiva de trato entre as diferentes autoridades portuarias do Estado, máxime tendo en conta tamén a variedade de situacións tanto en termos de débeda como de necesidades de operatividade.

No caso de Vigo, faise prioritario atender as necesidades de financiamento de actuacións coma as melloras da área ro-ro do porto e a acometida do acceso ferroviario, en particular, e no Plan Estratéxico e Plan Director de Infraestruturas en xeral, de xeito que se permita acceder a unha igualdade de trato con outras autoridades portuarias sen perder a capacidade de mellorar a competitividade, con especial referencia á integración no Corredor Atlántico.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Parlamentario Popular somete á consideración da Cámara a seguinte proposición non de lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Esixir do Goberno de España igualdade de trato e consideración entre a Autoridade Portuaria de Vigo en relación á de Valencia nos termos relativos ao financiamento e asunción das débedas contraídas pola acometida de infraestruturas necesarias para a súa operatividade e competitividade.
2. Demandar do Goberno de España que achegue unha compensación económica semellante, nos termos xurídicos e administrativos equivalente ou análogos ás decisións adoptadas para o caso do porto de Valencia, e libere á Autoridade Portuaria de Vigo das cargas económicas que se xeraron e se vaian a xerar para acometer os investimentos en infraestruturas loxísticas ou portuarias da terminal ro-ro de Bouzas e doutras derivadas do Plan Director de Infraestruturas.
3. Solicitar a través dos seus representantes no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo a celebración dun Consello de Administración extraordinario para que, formalmente, se dirixa a Puertos del Estado co obxectivo de establecer a vía para a liberación de débedas ou compensación de investimentos do xeito que estimen oportuno xurídica e administrativamente”.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/08/2018 14:44:21

Teresa Egerique Mosquera na data 30/08/2018 14:44:38

María Ángeles Garcia Míguez na data 30/08/2018 14:44:53

Martín Fernández Prado na data 30/08/2018 14:45:00

Alberto Pazos Couñago na data 30/08/2018 14:45:15

Marta Rodríguez Arias na data 30/08/2018 14:45:26

María Soraya Salorio Porral na data 30/08/2018 14:45:43

Daniel Vega Pérez na data 30/08/2018 14:45:51

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Miguel Tellado Filgueira, Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei Pleno**.

Exposición de Motivos:

Durante os últimos anos, o Grupo Popular do Parlamento de Galicia ven apoiando de diversos xeitos a construción e desenvolvemento do tecido portuario galego, centrando este apoio na creación de infraestruturas e servizos que doten de plena operatividade e competitividade a estes peiraos.

No caso de Ferrol e San Cibrao, esta aposta traducíuse na construción do peirao exterior de Caneliñas e da proxección do acceso ferroviario ao mesmo, alén de realizarse melloras nos peiraos interiores que redundasen no avance dos medios e servizos, tales como a reordenación da dársena de Curuxeiras ou as melloras nas dotacións do porto pesqueiro.

Todas estas obras foron asumidas de forma xeral pola propia autoridade portuaria e con cargo fundamental aos seus propios recursos económicos, cuestión que supón un importante esforzo económico e orzamentario e que deriva nun equilibrio difícil que solo se pode manter, como se fai, grazas á mellora da xestión portuaria e á consecución dun maior movemento de mercadorías e prestación de servizos.

Estas apostas e ás súas correspondentes derivadas de custes realizáronse no marco dunhas regras sempre manifestadas polos distintos Gobernos de España no que non se condonaba débeda a ningún porto de interese xeral do Estado en España, condicións que eran idénticas para todos eles.

Pero o recente anuncio feito polo executivo de Pedro Sánchez no *Consejo de Política Fiscal y Financiera* de asumir a débeda financeira xerada pola Copa América e a Formula 1 no porto de Valencia ven a romper este acordo e os equilibrios e regras de xogo vixentes ata o momento.

O Partido Popular de Galicia considera isto unha afronta e discriminación cos galegos en xeral, e cos ferrolanos e mariñaos en particular, en relación ao trato recibido polos valencianos, e cremos que a demanda unánime deste Parlamento de esixir o mesmo

trato para os galegos que para os valencianos, sería un importante posicionamento cara a conseguir dita demanda.

Amais, a derivación da asunción da débeda cara a administración autonómica valenciana non é óbice para que se podan replicar na nosa comunidade compensacións que leven a unha igualdade efectiva de trato entre as diferentes autoridades portuarias do Estado, máxime tendo en conta tamén a variedade de situacións tanto en termos de débeda como de necesidades de operatividade.

No caso de Ferrol e San Cibrao, faise prioritario atender as necesidades de financiamento de actuacións coma a de Caneliñas, o seu acceso ferroviario e a súa derivada do aproveitamento dos peiraos interiores de Ferrol, de xeito que se permita acceder a unha igualdade de trato con outras autoridades portuarias.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Parlamentario Popular somete á consideración da Cámara a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Esixir do Goberno de España igualdade de trato e consideración entre a Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao en relación á de Valencia nos termos relativos ao financiamento e asunción das débedas contraídas pola acometida de infraestruturas necesarias para a súa operatividade e competitividade.
2. Demandar do Goberno de España que achegue unha compensación económica semellante, nos termos xurídicos e administrativos equivalente ou análogos ás decisións adoptadas para o caso do porto de Valencia, e libere á Autoridade Portuarias de Ferrol-San Cibrao das cargas económicas xeradas para acometer os investimentos en infraestruturas loxísticas ou portuarias de Caneliñas.
3. Solicitar a través dos seus representantes no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao a celebración dun Consello de Administración extraordinario para que, formalmente, se dirixa a Puertos del Estado co obxectivo de establecer a vía para a liberación de débedas ou compensación de investimentos do xeito que estimen oportuno xurídica e administrativamente”.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/08/2018 14:52:39

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/08/2018 14:52:56

Teresa Egerique Mosquera na data 30/08/2018 14:53:10

Martín Fernández Prado na data 30/08/2018 14:53:23

María Ángeles Garcia Míguez na data 30/08/2018 14:53:36

Alberto Pazos Couñago na data 30/08/2018 14:53:43

Marta Rodríguez Arias na data 30/08/2018 14:53:57

María Soraya Salorio Porral na data 30/08/2018 14:54:06

Daniel Vega Pérez na data 30/08/2018 14:54:15

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Marta Rodríguez Arias, Martín Fernández Prado, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Durante os últimos anos, o Grupo Popular do Parlamento de Galicia ven apoiando de diversos xeitos a construción e desenvolvemento do tecido portuario galego, centrando este apoio na creación de infraestruturas e servizos que doten de plena operatividade e competitividade a estes peiraos.

No caso de Vilagarcía, esta aposta traducíuse na mellora da dotación de medios para o tráfico de contenedores, na adaptación do acceso ferroviario ou as melloras dos peiraos Comercial e do Ferrazo, entre outras actuacións.

Todas estas obras foron asumidas de forma xeral pola propia autoridade portuaria e con cargo fundamental aos seus propios recursos económicos, cuestión que supón un importante esforzo económico e orzamentario e que deriva nun equilibrio difícil que solo se pode manter, como se fai, grazas á mellora da xestión portuaria e á consecución dun maior movemento de mercadorías e prestación de servizos.

Estas apostas e ás súas correspondentes derivadas de custes realizáronse no marco dunhas regras sempre manifestadas polos distintos Gobernos de España no que non se condonaba débeda a ningún porto de interese xeral do Estado en España, condicións que eran idénticas para todos eles.

Pero o recente anuncio feito polo executivo de Pedro Sánchez no *Consejo de Política Fiscal y Financiera* de asumir a débeda financeira xerada pola Copa América e a Formula 1 no porto de Valencia ven a romper este acordo e os equilibrios e regras de xogo vixentes ata o momento.

O Partido Popular de Galicia considera isto unha afronta e discriminación cos galegos en xeral, e cos arousáns en particular, en relación ao trato recibido polos valencianos, e cremos que a demanda unánime deste Parlamento de esixir o mesmo trato para os galegos que para os valencianos, sería un importante posicionamento cara a conseguir dita demanda.

Amais, a derivación da asunción da débeda cara a administración autonómica valenciana non é óbice para que se podan replicar na nosa comunidade compensacións que leven a unha igualdade efectiva de trato entre as diferentes autoridades portuarias do Estado, máxime tendo en conta tamén a variedade de situacións tanto en termos de débeda como de necesidades de operatividade.

No caso de Vilagarcía, faise prioritario atender as necesidades de financiamento de actuacións realizadas e doutras a acometer para garantir a competitividade futura do porto, de xeito que se permita acceder a unha igualdade de trato con outras autoridades portuarias.

A este respecto, esta Autoridade Portuaria ten unha débeda de arredor de 11 M€, cantidade que semella non moi alta en termos comparados, pero que acada maior entidade se temos en conta o volume de negocio do porto vilagarcían. Aínda que os esforzos para reducir o endebedamento foron notables (reducindo a mesma en 6 M€ nos últimos anos), entendemos que estes non deben frear os investimentos que esixe a mellora da competitividade do porto e que demanda a propia comunidade portuaria, especialmente á luz da comparanza co trato a outras entidades portuarias.

Neste senso, e seguindo as instrucións marcadas por Puertos del Estado para mellorar os ratios financeiros da entidade, estase contemplando a venda dunha parcela do peirao do Ramal para o seu uso hoteleiro, operación que non conta co apoio e colaboración necesaria do Goberno local e que devén na necesidade de contar con novas alternativas para a redución da débeda.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Parlamentario Popular somete á consideración da Cámara a seguinte proposición non de lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Esixir do Goberno de España igualdade de trato e consideración entre a Autoridade Portuaria de Vilagarcía en relación á de Valencia nos termos relativos ao financiamento e asunción das débedas contraídas pola acometida de infraestruturas necesarias para a súa operatividade e competitividade.
2. Demandar do Goberno de España que achegue unha compensación económica semellante, nos termos xurídicos e administrativos equivalente ou análogos ás decisións adoptadas para o caso do porto de Valencia, e libere á Autoridade Portuarias de Vilagarcía das cargas económicas que se xeraron e se vaian a xerar para acometer os investimentos en infraestruturas loxísticas ou portuarias.

3. Solicitar a través dos seus representantes no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía a celebración dun Consello de Administración extraordinario para que, formalmente, se dirixa a Puertos del Estado co obxectivo de establecer a vía para a liberación de débedas ou compensación de investimentos do xeito que estimen oportuno xurídica e administrativamente”.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/08/2018 15:04:42

Marta Rodriguez Arias na data 30/08/2018 15:05:01

Teresa Egerique Mosquera na data 30/08/2018 15:05:13

María Ángeles Garcia Míguez na data 30/08/2018 15:05:25

Alberto Pazos Couñago na data 30/08/2018 15:05:32

María Soraya Salorio Porral na data 30/08/2018 15:05:44

Martín Fernández Prado na data 30/08/2018 15:05:59

Daniel Vega Pérez na data 30/08/2018 15:06:15

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Jacobo Moreira Ferro, Guadalupe Murillo Solís, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de Motivos:

Durante os últimos anos, o Grupo Popular do Parlamento de Galicia ven apoiando de diversos xeitos a construción e desenvolvemento do tecido portuario galego, centrando este apoio na creación de infraestruturas e servizos que doten de plena operatividade e competitividade a estes peiraos.

No caso de Marín, esta aposta traducíuse na mellora da dotación de medios para o tráfico de contenedores, na ampliación da rede ferroviaria interior, a execución da explanada do peirao Comercial Oeste, os novos accesos á zona suroeste ou a prolongación do peirao Transversal, entre outras actuacións.

Todas estas obras foron asumidas de forma xeral pola propia autoridade portuaria e con cargo importante aos seus propios recursos económicos, cuestión que supón un importante esforzo económico e orzamentario e que deriva nun estado económico que solo se pode manter, como se fai, grazas á mellora da xestión portuaria e á consecución dun maior movemento de mercadorías e prestación de servizos.

Estas apostas e ás súas correspondentes derivadas de custes realizáronse no marco dunhas regras sempre manifestadas polos distintos Gobernos de España no que non se condonaba débeda a ningún porto de interese xeral do Estado en España, condicións que eran idénticas para todos eles.

Pero o recente anuncio feito polo executivo de Pedro Sánchez no *Consejo de Política Fiscal y Financiera* de asumir a débeda financeira xerada pola Copa América e a Formula 1 no porto de Valencia ven a romper este acordo e os equilibrios e regras de xogo vixentes ata o momento.

O Partido Popular de Galicia considera isto unha afronta e discriminación cos galegos en xeral, e cos marinenses e pontevedreses en particular, en relación ao trato recibido polos valencianos, e cremos que a demanda unánime deste Parlamento de esixir o

mesmo trato para os galegos que para os valencianos, sería un importante posicionamento cara a conseguir dita demanda.

Amais, a derivación da asunción da débeda cara a administración autonómica valenciana non é óbice para que se podan replicar na nosa comunidade compensacións que leven a unha igualdade efectiva de trato entre as diferentes autoridades portuarias do Estado, máxime tendo en conta tamén a variedade de situacións tanto en termos de débeda como de necesidades de operatividade.

No caso de Marín, faise prioritario atender as necesidades de financiamento de actuacións a acometer para garantir a competitividade futura do porto, de xeito que se permita acceder a unha igualdade de trato con outras autoridades portuarias.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Parlamentario Popular somete á consideración da Cámara a seguinte proposición non de lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Esixir do Goberno de España igualdade de trato e consideración entre a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra en relación á de Valencia nos termos relativos ao financiamento e asunción das débedas pola acometida de infraestruturas necesarias para a súa operatividade e competitividade.
2. Demandar do Goberno de España que achegue unha compensación económica semellante, nos termos xurídicos e administrativos equivalente ou análogos ás decisións adoptadas para o caso do porto de Valencia, e libere á Autoridade Portuarias de Marín e Ría de Pontevedra das cargas económicas que se poidan xerar para acometer os investimentos en infraestruturas loxísticas ou portuarias e doutras derivadas do Plan Director de Infraestruturas.
3. Solicitar a través dos seus representantes no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra a celebración dun Consello de Administración extraordinario para que, formalmente, se dirixa a Puertos del Estado co obxectivo de establecer a vía para a liberación de débedas ou compensación de investimentos do xeito que estimen oportuno xurídica e administrativamente”.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/08/2018 15:13:37

Jacobo Moreira Ferro na data 30/08/2018 15:14:00

María Guadalupe Murillo Solís na data 30/08/2018 15:14:24

Teresa Egerique Mosquera na data 30/08/2018 15:14:32

María Ángeles Garcia Míguez na data 30/08/2018 15:14:45

Alberto Pazos Couñago na data 30/08/2018 15:14:53

Martín Fernández Prado na data 30/08/2018 15:15:11

Marta Rodríguez Arias na data 30/08/2018 15:15:25

María Soraya Salorio Porral na data 30/08/2018 15:15:42

Daniel Vega Pérez na data 30/08/2018 15:15:49



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á avaliación do código de boas prácticas bancarias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Decreto-lei 6/2012, de 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos, recollía o popular “código de boas prácticas” para a banca, cuxa aplicación por parte das entidades de crédito é voluntaria, como expresamente regulaba o artigo 5.1. Este carácter voluntario implica que se trata dunha norma inxusta, que comporta unha clara desigualdade diante da lei, pois permite manter os privilexios da banca e aparentar a concesión de dereitos á posición máis débil, ás persoas afectadas polos impagamentos hipotecarios, cando en realidade ditos dereitos só poderán ser exercidos, non en virtude de norma legal, senón da súa admisión voluntaria polas entidades de crédito. É dicir, de feito o Goberno delegou a súa función de gobernar, pois remite o cumprimento das normas ao que voluntariamente acorde o sector bancario.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 10:56
Nº Rexistro: 35456
Data envío: 31/08/2018 10:56:16.503

A gran maioría das entidades bancarias adheríronse ao Código de Boas Prácticas, porén practicamente ningunha deles ofrece o que se propoñía no citado Código. Así, deberían ofrecer unha moratoria de cinco anos a partires da primeira falta de pagamento. Porén, non o ofrecen ao cliente e na práctica optan por propoñer novas hipotecas ou avais familiares. Maioritariamente ten que ser a persoa afectada a que solicite a súa aplicación, e a banca rexeita máis da metade das solicitudes, alegando que non se cumpren os requisitos.

Na maioría dos casos, as entidades bancarias ofrecen como alternativas dende créditos persoais ate avais familiares, porén non ofrecen a moratoria a cinco anos estipulada no Código de Boas Prácticas, e por outra banda, as entidades tampouco ofrecen información aos clientes a respecto da posibilidade de acollerse a algunha acción contemplada no Código, a pesares de que o propio código indica “a obriga por parte da entidade de informar aos seus clientes das posibilidades de acollerse a unha serie de vantaxes, tan pronto o banco teña coñecemento da falta de pagamento ou do atraso do pago dunha cota.

A propia aprobación dun Código de Boas Prácticas para resolver unha abafante situación que atravesan miles de cidadáns e cidadás derivada do sobreendebemento inducido pola propia banca reconece que antes houbo malas prácticas, porén, lonxe de supoñer unha penalización á banca que as cometeu, viuse recompensada cunha norma feita a medida dos seus intereses. Xa que logo, o Código de Boas Prácticas queda reducido a unha declaración de boas intencións sen que na práctica sexa unha ferramenta útil para evitar desafiuzamentos e permitir que, nunha situación de impago, as persoas afectadas



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poidan continuar na vivenda acolléndose á moratoria e pagando unicamente xuros.

Máis aínda, o citado Código non obriga á dación en pagamento, polo que perde calquera utilidade para as miles de familias que están en situación de desafiuzamento. Máis aínda, recentemente tivemos mostras do incumprimento do Código por parte, por exemplo, do Banco Santander, de recente expansión en Galiza e multado polo Banco de España en agosto de 2018 por unha infracción grave tipificada no artigo 15 do citado Real Decreto-Lei 6/2012, que consiste en incumplir as obrigas de aplicar as previsións do Código desde que a persoa debedora acredita que se encontra dentro do limiar da exclusión. Son feitos gravísimos que merecen a nosa atención.

Dende o BNG apostamos por un maior compromiso con esta realidade, tamén por parte da Xunta de Galiza. Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza:

- a desenvolver unha avaliación do impacto en Galiza da aplicación do Código de boas prácticas bancarias de cara a estudar medidas para poñer en práctica no ámbito das súas competencias para elevar o grao de protección das e dos usuarios galegos que poidan verse afectados e afectadas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- a que demande do estado as modificacións legislativas oportunas para que se regule unha moratoria e a dación en pago para as persoas que non poden afrontar a súa hipoteca e se incremente o nivel de esixencia do Código de Boas Prácticas.”

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2018 10:55:04

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2018 10:55:11



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 10:56
Nº Rexistro: 35456
Data envío: 31/08/2018 10:56:16.503

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2018 10:55:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2018 10:55:14

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2018 10:55:16

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2018 10:55:17



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pasados 8 meses desde a apertura ao tráfico da ampliación da ponte de Rande, aínda seguen a realizarse traballos de conservación e mantemento desta infraestrutura. Como consecuencia destas obras, as pasarelas de evacuación dos carrís exteriores están ocupadas permanentemente con casetas e diversa maquinaria, o que impide a súa utilización en caso dunha emerxencia.

Trátase dunha situación de grave risco pois en caso de accidente os vehículos que circulan polo carril exterior quedarían atrapados ao non ter ningunha posibilidade de evacuación.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:05
Nº Rexistro: 35470
Data envío: 31/08/2018 11:05:21.128

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a demandar ao goberno do Estado a inmediata apertura e posta en funcionamento das pasarelas de evacuación dos carrís exteriores da onte de Rande.”

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2018 11:00:31

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2018 11:00:36

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2018 11:00:37



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:05
Nº Rexistro: 35470
Data envío: 31/08/2018 11:05:21.128

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2018 11:00:39

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2018 11:00:41

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2018 11:00:42

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Encarna Amigo Díaz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno**.

Exposición de Motivos:

O goberno galego está a desenvolver unha estratexia de ensino e aprendizaxe en liña para facilitarlles o acceso á formación de lingua galega a todas aquelas persoas que desexan adquirir ou mellorar a súa competencia lingüística aproveitando as vantaxes que ofrecen as Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) no ámbito da formación.

Esta aposta decidida pola formación en liña permite, a través do emprego das ferramentas dixitais, ampliar o número de destinatarios da formación en lingua galega conseguindo que sexan cada vez máis as persoas que, a través destas modalidades formativas, deciden ampliar a súa formación en lingua galega.

Dende o grupo parlamentario popular, consideramos que a estratexia de formación en liña pode ser un elemento de atracción para todas as persoas que desexen adquirir as competencias lingüísticas de diferentes niveis en galego, polo que consideramos que pode ser interesante potenciar a creación de contidos e recursos de formación en lingua galega.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, formula a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a potenciar a creación de contidos de formación en lingua galega que faciliten o seu estudo e coñecemento para persoas de toda a xeografía galega e a todas aquelas persoas interesadas non residentes en Galicia.”

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/08/2018 13:02:56

César Manuel Fernández Gil na data 31/08/2018 13:03:16

María Antón Vilasánchez na data 31/08/2018 13:03:22

Teresa Egerique Mosquera na data 31/08/2018 13:03:33

Carlos Gómez Salgado na data 31/08/2018 13:03:54

María Isabel Novo Fariña na data 31/08/2018 13:04:11

Antonio Mouriño Villar na data 31/08/2018 13:04:41

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/08/2018 13:04:53

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Encarna Amigo Díaz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno**.

Exposición de Motivos:

A Secretaría Xeral de Política Lingüística é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e ten como obxectivos impulsar o desenvolvemento e a aplicación da lexislación derivada do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Dentro deste marco competencial xenérico, correspóndelle á Secretaría Xeral de Política Lingüística de xeito específico convocar e administrar as probas e expedir os certificados de coñecemento de galego.

Tal e como reflicten os datos oficiais, na actualidade estase a producir un notable incremento do interese pola realización das probas de acreditación e coñecemento da lingua galega, un feito que nos induce a pensar que podería ser positivo incrementar o número de probas de certificación que se realizan hoxe en día para intentar dar resposta a esta crecente demanda.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, formula a seguinte proposición non de lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a incrementar o número de probas para a obtención dos certificados Celga co fin de facilitar a acreditación de coñecementos na nosa lingua propia.”

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Pedro Puy Fraga na data 31/08/2018 12:54:53

César Manuel Fernández Gil na data 31/08/2018 12:55:11

Teresa Egerique Mosquera na data 31/08/2018 12:55:16

María Antón Vilasánchez na data 31/08/2018 12:55:35

Carlos Gómez Salgado na data 31/08/2018 12:55:45

María Isabel Novo Fariña na data 31/08/2018 12:55:59

Antonio Mouriño Villar na data 31/08/2018 12:56:10

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/08/2018 12:56:23



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 10:47
Nº Rexistro: 35631
Data envío: 03/09/2018 10:47:45.626

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade de consolidación e intervención arredor da torre medieval de Sande no concello de Cartelle para a súa boa conservación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Cartelle, na parroquia de Sande, atópase a coñecida como fortaleza ou torre de Sande, unha xoia medieval da nosa historia que se levanta sobre unha superficie rochosa erguéndose a máis de 500 metros de altura. Concibida para a vixilancia e o control das terras próximas, do mesmo xeito que outras torres conservadas en concellos próximos como é o caso de Sandiás, esta estrutura constitúe un dos vestixios de arquitectura de funcionalidade militar existentes na comarca, o que salienta a importancia desta na Idade Media.

A torre foi declarada como de Interese Turístico Nacional xa no 1949 e atópase tamén baixo a protección da Declaración xenérica do Decreto de 22 de abril de 1949 e da Lei nº 16/1985 sobre o Patrimonio Histórico Español. No ano 2009 a Consellería de Cultura prevía a consolidación e posta en valor das fortalezas e torres militares das comarcas da Limia, Verín e Terras de Celanova que tería incluído esta torre alén doutros espazos, porén non chegou a realizarse. Actualmente, esta construción recollida



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 10:47
Nº Rexistro: 35631
Data envío: 03/09/2018 10:47:45.626

no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galiza da Xunta con protección xurídica de declaración de Ben de Interese Cultural.

Cómpre recordar que a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza recolle no seu artigo 88 como patrimonio arquitectónico “a) Os bens propios da arquitectura defensiva, entendendo por tal todas as estruturas construídas ao longo da historia para a defensa e o control dun territorio do que forman parte. No conxunto da arquitectura defensiva destacan singularmente os castelos, as torres defensivas, as murallas e os muros circundantes urbanos, as construcións defensivas con baluartes e os sistemas defensivos que configuran, os arsenais navais, os cuarteis, as baterías de costa, as polvoreiras e os restos de todos eles, con independencia do seu estado de conservación, de se se encontran soterrados ou descubertos ou de se se integran ou non noutro ben inmovible. Todas estas tipoloxías de inmovibles construídos antes de 1849 teñen a consideración de bens de interese cultural.”

Como se o impacto ambiental e a repercusión no territorio e na poboación non foran abondo coa situación actual das instalacións, a empresa quere aumentar os beneficios que obtén da explotación dos nosos recursos impulsando unha central de bombeo entre os encoros Salas e As Conchas para multiplicar o bombeo. As obras proxectadas desenvolveranse na denominada zona de transición da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés, a terreos incluídos na proposta de ampliación da Rede Natura e en zonas de protección de diferente índole. Alén do previsíbel e alertado impacto en numerosos indicadores ambientais, do risco de contaminar o encoro de Salas, da afectación á calidade das augas, etc.

Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que de ir adiante esta modificación da concesión estaríamos diante dun novo caso de especulación enerxética no noso país favorecendo un modelo que non favorece o aforro e a eficiencia nin é preciso para a produción do país. Froito desta preocupación, o Bloque Nacionalista Galego ten preguntado na cámara por este asunto e desde a Xunta de Galiza asegurábase non existir risco. Porén, durante este verán de 2018 volveron aparecer as cianobacterias no encoro das Conchas e o seu estado volveu ser un problema.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Que actuación levou ou vai levar a cabo o goberno galego a respecto do proxecto de central hidroeléctrica reversíbel promovido por Gas Natural SDG. SA que



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 17:51
Nº Rexistro: 35779
Data envío: 03/09/2018 17:51:29.204

modifica as características de aproveitamentos hidroeléctricos do río Salas e Limia incrementando os riscos de contaminación?

- Ten desenvolvido ou vai desenvolver o goberno galego estudos propios a respecto dos riscos ambientais, sanitarios e de calidade das augas que supón o proxecto?

- Como avalía o goberno galego a situación de contaminación das Conchas acrecentada no verán de 2018?

- Ten reconsiderado por estes motivos o goberno galego as alegacións presentadas por organización e colectivos do país ao respecto?

- Considera o goberno galego que este proxecto enerxético se axusta ás necesidades de aforro e eficiencia? e ao cumprimento dos obxectivos europeos para 2020?

- Cre o goberno que encaixa coas esixencias dos fondos europeos destinados para a restauración da zona? Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 17:51
Nº Rexistro: 35779
Data envío: 03/09/2018 17:51:29.204

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2018 17:48:15

María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2018 17:48:22

Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2018 17:48:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/09/2018 17:48:24

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2018 17:48:26

Xosé Luis Bará Torres na data 03/09/2018 17:48:27



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 18:17
Nº Rexistro: 35789
Data envío: 03/09/2018 18:17:03.594

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás necesidades e melloras do transporte ferroviario entre Ourense e Santiago de Compostela para revertir o agravio con Ourense e favorecer o seu mellor aproveitamento por parte das e dos ourensás.

O nacionalismo galego sempre defendeu a necesidade dunha rede ferroviaria moderna, compatíbel para o tráfico de persoas e mercadorías, que primara a mobilidade interior, e con conexións con Portugal e a Meseta. Porén, fronte a este deseño primou outro froito da concepción centralista do Estado que ten estado concibido co obxectivo de conectar Galiza con Madrid facendo que este criterio non se compatibilizase coa conexión interior de Galiza e a día de hoxe non temos sistema ferroviario modernizado nin un servizo equiparábel ao cercanías que cumpra coa súa función de conexión rápida, segura e útil para vertebración territorial entre cidades e vilas galegas.

Máis aínda, o desenvolvemento do Ferrocarril ten afondado na histórica discriminación do interior do noso país, que sofre as consecuencias dun agravio histórico coa complicidade do goberno galego, de forma que nin sequera se cumpre a necesidade de conectar de forma eficaz as cidades galegas coa capital de Galiza.

No caso de Ourense, perpetúase unha situación de discriminación en materia de horarios e prezos en comparación cos aplicados na franxa atlántica. Desta forma, esta



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 18:17
Nº Rexistro: 35789
Data envío: 03/09/2018 18:17:03.594

cidade conta cunha conexión de Media Distancia do tipo Avant que conecta Ourense - Santiago - A Coruña. A liña foi inaugurada en decembro de 2011 e desde entón sucedeu a supresión de frecuencias do tren rexional, que conectaba poboacións intermedias como O Carballiño, Maside ou O Irixo. Así mesmo, durante estes anos, non se introduciron as adaptacións precisas para que esta conexión aproveitara todo o seu potencial para atraer como usuarios e usuarias traballadores e traballadores e tamén estudantado entre as cidades de Santiago, Ourense e tamén da Coruña. Os horarios e as tarifas vixentes, que son máis dun 60% máis caras en comparación co eixo atlántico, limitan as posibilidades de conexión contribuindo a que as persoas que por motivos persoais ou laborais deban desprazarse con frecuencia a Santiago de Compostela opten por non manter o seu lugar de residencia en Ourense. Os prezos por quilómetro son moito máis caros que a comparativa coa franxa atlántica. Desta forma, viaxar de Ourense até Coruña custa até 13 céntimos por quilómetro e de Ourense até Santiago de Compostela até 15 céntimos por quilómetro en caso de empregar un Avant. Porén, un galego ou galega que se desprace no Eixo Atlántico terá que asumir un custo menor, que non supera os 9 céntimos para alén de contar cunha oferta horaria máis ampla.

Esta situación, sumada aos incumprimentos constantes do Estado con Ourense derivan en que cada vez esteamos menos e peor conectados canto á mobilidade entre as comarcas e desde a cidade cara outras capitais. Esta situación constitúe un agravio cara aos galegos e galegas de Ourense, e xunto con outros factores impide igualar á sociedade galega e impide dar ao interior o pulo que precisa para desenvolverse socioeconomicamente e paliar a crise demográfica. Esta situación é insostíbel e Ourense precisa de apostas firmes, tamén no ámbito do transporte. Neste sentido, é preciso apostar polo tren de proximidade e mellorar o aproveitamento e accesibilidade a unha liña tan importante como a conexión entre Ourense, Santiago de Compostela e A



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 18:17
Nº Rexistro: 35789
Data envío: 03/09/2018 18:17:03.594

Coruña. Máis aínda cando esta liña está sometida a obriga de servizo público e recibe fondos do Estado para a cohesión territorial.

Por todas estas razóns, o pasado 7 de febreiro de 2018 o Pleno do Parlamento Galego debateu unha Proposición non de Lei do Bloque Nacionalista Galego sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación a este asunto. Da resultante deste debate derivou un acordo parlamentario unánime cuxo texto transaccionado era o seguinte:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1.- Esixir do Goberno central unha equiparación das políticas e modalidades tarifarias en todo o territorio galego para evitar a actual e evidente situación de discriminación que se ve en función do lugar de residencia dos galegos e galegas.

2.- Solicitar do Goberno central unha ampliación das frecuencias horarias desde Ourense para mellorar a comunicación con Compostela e A Coruña.

3.- Reformular os termos e condicións dos bonos de transporte Abono Tarxeta Plus, Tarxeta Plus 10 e Tarxeta Plus 10 Estudantes para aumentar o período de uso que rexe a partir da data da primeira formalización da reserva, de forma que se poida empregar en máis tempo que na actualidade.

4.- Ampliar a frecuencia horaria da liña rexional Ourense -Santiago para mellorar a mobilidade e entre as poboacións intermedias de acordo coa demanda”.

Porén, máis de medio ano despois, parece que nin no seu día este asunto foi unha prioridade para o goberno central baixo a presidencia de Rajoy nin o é na actualidade o



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 18:17
Nº Rexistro: 35789
Data envío: 03/09/2018 18:17:03.594

é para a de Pedro Sánchez. Unha vez máis o centralismo estatal ignora as necesidades de Galiza.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

-Que actuacións levou a cabo o goberno galego para demandar o abaratamento da conexión Avant Ourense-Santiago-Coruña? Con que resultado?

-Ten coñecemento o goberno galego dalgún horizonte temporal para esta homoxeneización das tarifas?

-Que actuacións levou a cabo o goberno galego para demandar a reformulación dos termos e condicións dos bonos de transporte Abono Tarxeta Plus, Tarxeta Plus 10 e Tarxeta Plus 10 Estudiantes para aumentar o período de uso que rexe a partir da data da primeira formalización da reserva? Con que resultado?

-Que actuacións levou a cabo o goberno galego conducentes a conseguir a ampliación da frecuencia horaria da liña rexional Ourense -Santiago?

-Coñece a Xunta Galiza se o goberno central ten feito algún estudo sobre a demanda de uso desta liña? Ten feito o goberno galego algunha de seu? Con que metodoloxía? Con que resultado? Que actuacións levou a cabo o goberno galego para demandar o abaratamento da conexión Avant Ourense-Santiago-Coruña?

-Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para impedir o agravio cara Ourense que existe nos prezos da liña Avant Ourense - Santiago - A Coruña?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera o goberno galego que se cumpren os dereitos das e dos usuarios contemplados na Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario?

-Considera a Xunta de Galiza que a oferta horaria existente favorece ou desincentiva compatibilizar o lugar de estudo ou traballo en Santiago ou Coruña e de residencia en Ourense? E viceversa?

-Pensa o goberno galego que a conexión Avant e Rexional na mencionada liña favorece a vertebración territorial?

-Ten demandado o goberno galego do goberno central que valor do financiamento dos servizos ferroviarios declarados como obrigas de servizo público corresponden a Galiza? E a esta liña en concreto? Considéraos suficiente?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 18:17
Nº Rexistro: 35789
Data envío: 03/09/2018 18:17:03.594

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2018 18:14:15

María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2018 18:14:19

Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2018 18:14:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/09/2018 18:14:22

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2018 18:14:23

Xosé Luis Bará Torres na data 03/09/2018 18:14:24



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o despedimento de traballadoras e traballadores da fábrica de Sargadelos en Cervo (A Mariña) e o futuro desta empresa emblema da cultura galega.

A empresa Sargadelos é máis que un centro de traballo, é un emblema da cultura galega. A factoría de Cervo, na comarca da Mariña, foi fundada en 1805 por Antonio Raimundo Ibáñez con quen comezou a produción de louza nesta localidade mariñá, mais foi da man de Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane cando se converteu en máis que unha fábrica de cerámica para ser espazo de creación artística e rexurdir cultural do país após a ditadura fascista.

Nos últimos anos a empresa estivo ás portas da quebra, atravesou un longo concurso de acredores e o cadro de persoal viuse atinxido por un Expediente de Regulación de Emprego (ERE) imposto pola dirección, co visto e prace da Xunta de Galiza, que sería declarado nun polo TSXG en xaneiro de 2018.

Nas últimas semanas o propietario da entidade, Segismundo García, anunciou o despedimento de 49 persoas como represalia contra unha traballadora e representante sindical. Dos despedimentos anunciados, a comezos do mes de setembro oficializáronse vinte e dous.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 35807
Data envío: 03/09/2018 18:30:39.032

A actitude do administrador de Sargadelos pon en risco a viabilidade da produción e da propia factoría, cuxo edificio foi catalogado como Ben de Interese Cultural (BIC) a través do Decreto 171/2014, do 26 de decembro; e con ela o futuro dun dos símbolos culturais de Galiza.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora a Xunta de Galiza a decisión adoptada polo propietario da empresa de despedir 49 traballadoras/es?
- Como valora a actitude do administrador da empresa?
- Pensa adoptar o Goberno galego algunha medida para garantir o mantemento dos postos de traballo da fábrica de Sargadelos en Cervo e o futuro da propia factoría?
- Ten recibido axudas públicas Sargadelos nos últimos 8 anos?
- En caso afirmativo, que contía recibiu, en que anos, e en concepto de que?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 35807
Data envío: 03/09/2018 18:30:39.032

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2018 18:28:21

María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2018 18:28:25

Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2018 18:28:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/09/2018 18:28:28

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2018 18:28:29

Xosé Luis Bará Torres na data 03/09/2018 18:28:31



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2018 13:08
Nº Rexistro: 35849
Data envío: 04/09/2018 13:08:42.848

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Un dos xeitos de aprendizaxe constatados como eficaces e compartidos por tódalas especies de seres vivos é a de aprender dos erros cometidos.

Pois ben non é este o caso da Consellería de Medio Rural... Por suposto que non é un ser vivo. Pois velaí que en plena temporada de alto risco deste ano 18 resulta que a fins de agosto, inexplicablemente, caducaron os contratos dos bulldozers e parece ser que ata o 18 de setembro non hai présa. A estas alturas todos e todas sabemos que nos lumes de alta intensidade e de incontrolable expansión, que son cada vez máis frecuentes, os bulldozers reveláronse coma unha peza fundamental no freo destes e da ralentización da súa expansión.

No incendio de Vilaza de finais do agosto pasado os datos de superficie queimada son diverxentes 126 Has. da Xunta contra 194 do satélite. ¿Ocultación?

Sobre este mesmo incendio circula un ruxe ruxe con demasiada intensidade para non ser certo: parece ser que a dirección de extinción decretou nivel 2 e desde Compostela foi revogado.

Por último, se un instala determinado programa no seu ordenador parece ser que pode acceder á localización de tódalas cámaras de vixilancia de incendios.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2018 13:08
Nº Rexistro: 35849
Data envío: 04/09/2018 13:08:42.848

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

A que se deben as irregularidades detectadas a respecto dos contratos dos bulldozers, cámaras de vixilancia, minimización de hectáreas queimadas e revogación da declaración do nivel 2 do incendio de Vilaza?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/09/2018 13:07:40

María Montserrat Prado Cores na data 04/09/2018 13:07:49

Ana Pontón Mondelo na data 04/09/2018 13:07:51



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2018 13:08
Nº Rexistro: 35849

Data envío: 04/09/2018 13:08:42.848

Olalla Rodil Fernández na data 04/09/2018 13:07:52

Noa Presas Bergantiños na data 04/09/2018 13:07:53

Xosé Luis Bará Torres na data 04/09/2018 13:07:55

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**.

Neste verán, evidenciouse de xeito aínda máis contundente que outros anos, a falta de recursos na Atención Primaria do Sistema sanitario público, debido á política de recortes.

A falta de persoal, impide substituír as baixas e vacacións, dar unha cobertura idónea en todas as prazas de pediatría, ou garantir unha atención correcta nas urxencias médicas dos Puntos de Atención Continuada.

Carencias, que teñen como consecuencia que as doentes deba esperar na maioría dos centros de saúde máis dunha semana para ser atendidas, ou os servizos de urxencias contén só cun equipo que debe atender dentro e fora dos centros, situación que pon en risco a saúde das doentes.

Foron moitas as propostas trasladadas á Xunta de Galicia por diferentes colectivos, colexios profesionais ou a través de iniciativas parlamentarias, que en moitos casos atoparon un desprestixio absoluto por parte de Goberno.

A falta de planificación, a precariedade imposta polo deterioro das condicións laborais ou as prexubilacións forzosas que se iniciaron sen ningún sentido, forman parte dunha política de desmantelamento do público que non pon ningún interese nunha asistencia sanitaria de calidade na Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde.



Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- Canto tempo pensa a Xunta de Galicia seguir mantendo esta situación?
- Teñen pensado mudar a política de contratación do SERGAS, para garantir condicións laborais dignas eliminando a precariedade actual?
- Teñen pensando solucionar as eivas denunciadas na Atención Primaria do SERGAS?
- Cal é o plan de actuación que van a levar a cabo para o mantemento da calidade asistencia da Atención Primaria no SERGAS?
- Van a incrementar o persoal nos Puntos de Atención Continuada para evitar que queden desatendidos os centros de saúde cando teñan que saír a cubrir unha urxencia?
- Cales son as liñas de actuación política que se van a levar a cabo para a cobertura de baixas e vacacións na Atención Primaria?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Eva Solla Fernández na data 04/09/2018 17:07:28

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, e Luís Villares Naveira, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Interpelación**, relativa ao servizo de transporte sanitario aéreo.

O transporte sanitario aéreo é unha ferramenta moi importante no traslado de persoas enfermas e accidentadas. Sobre todo naqueles casos de gravidade que suman unha situación da vítima ou doente de difícil acceso e ao punto de atención sanitaria pertinente situado lonxe.

A dispersión xeográfica e as características orográficas galegas teñen feito que en moitas ocasións teñamos defendido as necesidades de mellora de este servizo, denunciando no pasado privatizacións e recortes horarios.

Sen embargo, en troques de prestar o maior celo na calidade de prestación de este servizo, a Xunta de Galicia ven de licitar en febreiro de 2018 o novo contrato de helicópteros cunhas condicións económicas que, como xa aconteceu co transporte sanitario terrestre, facilitan o recorte das empresas en elementos que non son obrigatorios segundo o prego, pero que son de extremada delicadeza.

O Sindicato Libre de Traballadores Aéreos ten denunciado que as condicións dos pregos non esixen cualificación das e dos pilotos para realizar voos en situacións de baixa visibilidade, a operatividade de operación multipiloto, a experiencia das persoas que van pilotar as naves ou moitas características fundamentais dos helicópteros.

Esta situación, que a todas luces parece afectar directamente á seguridade do servizo, tense consumado coa adxudicación en Agosto de este servizo á empresa do



antigo presidente de Inaer. Esta posibilidade fora xa denunciada por múltiples medios cando se advertía da exclusión de Babcock , a antiga Inaer.

Polo exposto, O Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación para coñecer:

- 1.- Por que a Xunta e a Fundación 061 non incluíron nos pregos de contratación condicións relativas á necesaria pericia das e dos pilotos así como as cuestións de seguridade antes descritas?
- 2.- Pode a Xunta e a Fundación 061 garantir o mesmo nivel de seguridade nos voos do 061 que nas anteriores concesións?
- 3.- Pode a Xunta e a Fundación 061 asegurar que non houbo un trato favorable á empresa adxudicataria e/ou un trato desfavorable á empresa excluída?

Santiago de Compostela, 04 de setembro de 2018

Asdo. Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do GP. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 05/09/2018 12:39:29

Luis Villares Naveira na data 05/09/2018 12:39:35



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 12:11
Nº Rexistro: 36054
Data envío: 06/09/2018 12:11:25.728

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

O Ministerio de Fomento vén de anunciar de maneira oficiosa dúas novas subidas de peaxes da AP-9 que se farán efectivas nos vindeiros meses e que son resultado dos convenios asinados en 2011 e 2013 polo goberno do Estado e AUDASA. No caso da suba do 1% vinculada ao convenio de 2011 consideramos que é ilegal a súa aplicación na anualidade de 2018.

Estes incrementos das peaxes, que se suman á actualización anual do IPC e a outras subas aprobadas, prexudican gravemente os intereses das persoas usuarias e favorecen descaradamente os intereses da concesionaria. Estamos diante dunha estratexia na que a concesionaria sempre sae gañando: incremento do tráfico, incremento das peaxes, redución de custos, aumento de beneficios.

Por outra parte, contemplamos con estupor como o goberno do Estado e a Xunta de Galiza son incapaces de paralles os pés a AUDASA: nin se lle abren expedientes polos atascos, nin se lle aplican penalizacións nas compensacións, nin se negocian bonificacións nin se fai auditoría do servizo. Son polo tanto gobernos cómplices da estafa das peaxes e dos abusos da concesionaria. E no caso do goberno central ademais ingresa tamén cantidades millonarias polo Imposto de Sociedades e polo IVE.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG entende que a Xunta de Galiza e O Ministerio de Fomento téñenlle que poñer fin ao espolio e ao agravio continuado, que se ve acrecentado ademais con medidas de redución de peaxes noutras autoestradas de titularidade estatal. Ou coa aprobación de miles de millóns para o rescate das ruinosas autoestradas madrileñas.

Consideramos ademais que se deben revisar os convenios asinados en 2011 e 2013, así como auditar as obras da ampliación de Rande e estudar penalizacións á concesionaria pola non prestación do servizo en condicións óptimas.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas prevé adoptar a Xunta de Galiza para velar polos intereses das persoas usuarias da AP 9 e para poñerlle freo aos abusos da concesionaria?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 12:11
Nº Rexistro: 36054
Data envío: 06/09/2018 12:11:25.728

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2018 12:10:12

María Montserrat Prado Cores na data 06/09/2018 12:10:19

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2018 12:10:20

Xosé Luis Rivas Cruz na data 06/09/2018 12:10:22

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2018 12:10:23

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2018 12:10:25



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno establece unha serie de mecanismos co obxecto de favorecer a existencia de “contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos.”

Na citada lei, no artigo 43 regúlense os conflitos de intereses a fin de evitar, que calquera alto cargo poda usar “a influencia dos seus intereses persoais no exercicio das súas funcións e responsabilidades por lles supoñer un beneficio ou un prexuízo.” E considera “intereses persoais” non só, os intereses propios, familiares senón tamén as persoas coas cales teña “amizade íntima”.

Temos, polo tanto, unha lexislación que establece límites ante desviacións de poder e introduce un principio de imparcialidade que debe rexer na actuación pública dos altos cargos. Unha cautela e transparencia que se ven xustificadas polos numerosos casos de corrupción que teñen salpicado a vida política e



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

económica nos últimos anos. Casos de corrupción que se puideron investigar polas testemuñas dispostas a confesar e pola investigacións relacionadas.

Sabemos que a corrupción non só está en “B”, tamén hai corrupción en “A” cando se legisla á medida das grandes empresas, cando se lles subministra información privilexiada, ou cando se somete ao sector público a unha privatización que só se xustifica polos intereses de certas empresas.

Todos estes motivos xustifican que consideremos que ten unha dimensión política importante o “encontro” que mantivo o Presidente da Xunta -no pasado mes de agosto nunha marisquería- co empresario madrileño Florentino Pérez, e acompañados polo director do ABC e o expresidente do Goberno do Estado. Segundo a información difundida o xantar prolongouse durante case cinco horas.

Consideramos que este encontro pode incorrer en caso de conflito de intereses, pois é notorio os intereses económicos que este empresario ten as numerosas concesións públicas que obtén.

Polo dito formúlase a seguinte interpelación:

-Publicouse na axenda institucional da Presidencia da Xunta de Galiza o xantar nunha marisquería entre Alberto Núñez Feijóo e o empresario Florentino Pérez no pasado mes de agosto?

-Cal foi o custe deste xantar e quen o pagou?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 12:24
Nº Rexistro: 36060
Data envío: 06/09/2018 12:24:25.587

-Abordáronse asuntos que teñen que ver con actuacións que vaia impulsar a Xunta de Galiza?

-Que tipo de relación ou vínculo ten Alberto Núñez Feijóo co empresario Florentino Pérez ? Pode incorrer o Presidente da Xunta nun conflito de intereses?

-Cantas adxudicacións realizou a Xunta de Galiza desde que goberna Feijóo ás empresas de Florentino Pérez? Cal é o valor destas adxudicacións?

-Considera a Xunta de Galiza que está cumprindo axeitadamente a Lei de transparencia e bo goberno?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 12:24
Nº Rexistro: 36060
Data envío: 06/09/2018 12:24:25.587

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2018 12:23:24

María Montserrat Prado Cores na data 06/09/2018 12:23:30

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/09/2018 12:23:31

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2018 12:23:33

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2018 12:23:34

Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2018 12:23:35



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:00
Nº Rexistro: 36065
Data envío: 06/09/2018 13:00:20.697

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

O pasado mes de xullo cumpríuse a data de caducidade da concesión da fábrica do cloro de Lourizán, sen que o PP galego dese cumprido o seu plan para consolidar esta empresa contaminante na ría de Pontevedra.

Este Plan era a consecuencia lóxica da decisión política anunciada o 24 de novembro de 2016 como resultado das negociacións ao máis alto nivel entre a Xunta e a empresa. Mais a folla de rota non se levou a cabo porque o goberno galego non deu tramitado o Plan sectorial de incidencia supramunicipal e o goberno central non aprobou a prórroga da concesión.

Neste proceso foi fundamental a posición contraria do concello con respecto ao PERI, á Autorización Ambiental Integrada e ao Proxecto sectorial, así como batalla social, administrativa e xudicial contra a continuidade da empresa en terreos de dominio público marítimo-terrestre.

Así as cousas, desbotada a posibilidade de permanencia desta empresa perigosa e contaminante na ría, cómpre que o Estado dea os pasos necesarios para a recuperación dos terreos de dominio público (12.000 m²), facendo oficial o final da



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concesión e reclamando a aprobación dun proxecto de desmantelamento e descontaminación dos terreos ocupados pola fábrica.

Ao tempo que se levan a cabo os labores de desmantelamento e descontaminación, que suporán unha importante carga de traballo, se de verdade existe interese por manter o emprego a Xunta de Galiza debe poñerse mans á obra para buscar un emprazamento alternativo

Neste caso, a follas de rota ten que ser a establecida No Protocolo asinado en outubro de 2013 que prevía o seguinte:

- 1º Cesamento da actividade de maneira improrrogable na ría a finais de 2016.

2º Compromiso da empresa de non solicitar prórroga da concesión (caducidade en 2018).

3º Compromiso da empresa de presentar dúas propostas de ubicación alternativa, unha delas na área de influencia de Pontevedra.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1. Como valora o Goberno galego a situación da empresa Elnosa e que xestións prevé realizar diante do goberno do estado para facer efectiva a caducidade da concesión, o desmantelamento da factoría, a descontaminación dos terreos e a recuperación para o uso público de acordo co establecido no POL?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:00
Nº Rexistro: 36065
Data envío: 06/09/2018 13:00:20.697

2. Que actuacións está a levar a cabo o Goberno galego para o mantemento dos postos de traballo e da actividade industrial de Elnosa na contorna de Pontevedra?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2018 12:59:12

María Montserrat Prado Cores na data 06/09/2018 12:59:18

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2018 12:59:20



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:00
Nº Rexistro: 36065
Data envío: 06/09/2018 13:00:20.697

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/09/2018 12:59:21

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2018 12:59:22

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2018 12:59:24



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:17
Nº Rexistro: 36074
Data envío: 06/09/2018 13:17:02.619

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

A empresa pública SEAGA leva sendo unha peza clave/importante no conxunto do dispositivo de prevención e extinción de Incendios Forestais dos últimos 11 anos. Oito deles con Conselleiros nomeados polo actual Presidente da Xunta.

O dispositivo de SEAGA organízase en función das necesidades marcadas pola propia Consellería do Medio Rural, actúa baixo o mesmo mando que o dispositivo de SPDCIF da Consellería e de xeito conxunto co mesmo. A estas alturas non é algo esóxeno e alleo ó mesmo.

A experiencia, profesionalidade, sacrificio e eficacia dos seus membros ten sido demostrada nas súas actuacións no combate directo contra o lume que enfrontaron en todas estas campañas pasadas.

O desperdicio de recursos económicos e humanos que suporía, para a o sector público galego, o desprenderse do capital humano no que a propia Consellería estivo investindo nos últimos anos (formación, experiencia, capacidades...), e do organizativo e estrutural que a entidade posúe.

Estamos a falar da anunciada reorganización do servizo de prevención, defensa e extinción de incendios forestais a partir do 2.019 sen que por parte da dirección da



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

empresa teña habido ningún comunicado ós traballadores que actualmente traballan neses servizos a respecto do seu futuro laboral.

Resulta irracional, e fóra de toda lóxica de xestión axeitada dos recursos públicos, prescindir do capital humano que a propia Consellería formou nestes anos a traveso de SEAGA e para o que destinou recursos públicos.

Faise de todo necesario que de xeito inmediato se habiliten as disposicións necesarias para que se modifique a normativa actual, e a experiencia destes traballadores e traballadoras sexa baremable á hora da súa inclusión nas listas de contratación da Xunta de Galiza.

De non ser feito así ímonos atopar coa situación perversa, provocada por unha decisión política, de que os traballadores que puxeron en risco as súas vidas traballando cóbado con cóbado na primeira liña de combate contra os lumes forestais, baixo o mesmo mando, de xeito coordinado polos mesmos responsables, sometidos ós mesmos riscos e ós mesmos sacrificios, a Consellería vainos a dividir en dúas castes: traballadores de primeira e de segunda, en función de quen lles fixese o contrato nesa campaña, e non do traballo que leven desempeñado na súa vida profesional. De xeito coloquial e para que se entenda ben: “se te contratou un Distrito Forestal “váleme” a túa experiencia e puntúocha nas listas, pero si te contratou SEAGA nese mesmo Distrito, e fuches ós mesmos lumes có teu compañeiro da “Xunta”, e a pesar de que compartiches día e noite con el os seus traballos e riscos, non me “vale” a túa experiencia e non cha puntúo.

Os contratos nas brigadas municipais si que son recoñecidos e baremables, independentemente de se foron ó “lume” ou non. É dicir, se o Goberno galego non adopta as medidas oportunas para emendar esta eiva, a Conselleira estará mandando a seguinte mensaxe: só recoñezo os méritos dos traballadores que contrataron os



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:17
Nº Rexistro: 36074
Data envío: 06/09/2018 13:17:02.619

Concellos, e dos que a Consellería contratou directamente, pero non a dos traballadores que traballaron para a Consellería a través do seu medio propio como é a empresa pública SEAGA.

En agosto asinouse o convenio entre a Xunta, a FEGAMP e máis SEAGA para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias que suporá un aumento considerable da carga de traballo para a empresa, representando a ocasión propicia para aumenta-lo tempo de traballo anual para o persoal de SEAGA que actualmente presta servizos só determinados meses do ano.

Estas reivindicacións foron postas sobre da mesa a 4 de setembro polo comité de folga da sección sindical da CIG nunha convocatoria de folga indefinida a partir do 16 de setembro.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Cal é a razón do trato discriminatorio para cos traballadores de SEAGA por parte do Goberno galego?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:17
Nº Rexistro: 36074
Data envío: 06/09/2018 13:17:02.619

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/09/2018 13:15:36

María Montserrat Prado Cores na data 06/09/2018 13:15:40

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2018 13:15:42

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2018 13:15:44

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2018 13:15:45

Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2018 13:15:46



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

